



Unha idea do labor cultural de Francisco Fenández del Riego

Xesús Portas Ferro

«Dediquei unha chea de anos á obra dos demais. Só me ocupei da miña en días recentes, cando publiquei *O río do tempo*».

(*Camiño andado*, p. 241)

Temos con Francisco Fernández del Riego (1913-2010) unha inmensa débeda. Grazas ao seu traballo teimoso puido a editorial Galaxia atravesar os primeiros e máis peados eitos do seu percorrido. Baixo a súa codirección saíron á luz os 100 primeiros números (1963-1988) de *Grial*, que durante moitas décadas foi a revista cultural máis sobranceira do país. Herdanza súa para toda Galicia é a Casa Galega da Cultura, en Vigo, que acolle a biblioteca da Fundación Penzol, da que del Riego foi director mentres o alento vital llo permitiu, que alberga asemade o Museo e Biblioteca Fernández del Riego, ao que deixou os seus libros e a súa pinacoteca. O seu breve paso pola presidencia da Academia Galega (1997-2001) comportou, malia a vellez do suxeito, unha frutuosa renovación daquela. Moito antes, fora proposta súa perante a Academia a institución do Día das Letras Galegas, que vimos celebrando con crecente repercusión desde 1963 e este ano lle vai ser dedicado.

Estes fitos e outros menores son sinais dun labor inmenso. Non estamos desta vez ante un inspirado poeta lírico ou un fastoso narrador. Escribiu, porén, e escribiu moito. Por veces, con clara